

CONTRATO DE ARRENDAMIENTO PARA INSTALACIÓN DE PARQUE EÓLICO:

En....., a.....de.....de.....

REUNIDOS

Dunha parte, don/dona....., maior de idade, casado/solteiro, con domicilio en....., titular do DNI nº, quen INTERVÉN no seu propio nome e dereito.

E de outra parte, don/dona....., maior de idade, casado/solteiro, con domicilio en....., titular do DNI nº, quen INTERVÉN en nome e representación da entidade Mercantil denominada, con NIF e domicilio social....., constituída en virtude de escritura pública outorgada ante o Notario de, D., de data, baixo o número do seu protocolo. INSCRITA no Rexistro Mercantil de, ao folio, do Libro de Sociedades, inscrición 1ª, da Folla nº encóntrase debidamente facultado para este acto en virtude do seu cargo de da citada mercantil, en virtude de escritura pública outorgada ante o Notario, en o.....de..... de....., baixo o número do seu protocolo.

EXPOÑEN

I.- Que don/dona....., é dono/a en pleno dominio da/s seguinte/s parcela/s:

Parcela Nº 1 ao nome de: Identificada coa referencia catastral:..... (parcela do Polígono Do concello de), cunha extensión superficial de (Has ou m²), sita na parroquia de do municipio de....., destinada a (matogueira/monte arborado/pasteiro).

Parcela Nº 2 ao nome de: Identificada coa referencia catastral:..... (parcela do Polígono Do concello de), cunha extensión superficial de (Has ou m²), sita na parroquia de do municipio de....., destinada a (matogueira/monte arborado/pasteiro).

Parcela Nº X ao nome de

TÍTULO: Pertenceo en virtude de (*herdanza, compravenda, doazón...*)

INSCRIPCIÓN: *Non está inmatriculada no rexistro da propiedade / O está no Rexistro da Propiedade de, ao Tomo, Libro....., Folio, Finca rexistral n^o*

CARGAS E GRAVAMES: A/s parcelas referida/s encóntrase/n libre/s de cargas e gravames (*ou –no seu caso- indicar a carga ou gravame existente*).

II.- Que a mercantil ten proxectada a construción, instalación, mantemento, reparación e explotación do parque eólico (*denominación do parque*), autorizado mediante resolución emitida por en data ... de.... de.....,(Ou....en trámite de autorización ante a Xunta de Galicia (en caso de non ter obtido aínda a mesma), cunha capacidade instalada de.....(MW), composto por aeroxeradores, cunha altura desde a base de.... metros e unha potencia unitaria de (KW ou MW), cada un deles. Acompáñase proxecto (e, no seu caso, autorización) como anexo Y .Enténdese por “parque eólico”, seguindo a definición recollida pola Lei 8/2009, de 22 de decembro, a “instalación de produción de electricidade a partir de enerxía eólica, constituída por un ou varios aeroxeradores interconectados electricamente con liñas propias, que comparten unha mesma estrutura de accesos e control, con medición de enerxía propia, así como coa obra civil necesaria”.

III.- O parque eólico mencionado producirá na/s parcela/s descrita/s no anterior expositivo I unha afección como a descrita na Cláusula Segunda deste contrato.

IV. Ambas partes, con capacidade xurídica e de obrar suficiente e que mutuamente se recoñecen, libre e de común acordo conveñen outorgar o presente **Contrato de ARRENDAMENTO con destino á instalación do parque eólico.....(nome)**, con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

Don/Dona (en adiante, O PROPIETARIO) ARRENDA á mercantil (en adiante, O ARRENDATARIO), que acepta, a parte afectada das fincas descritas no anterior expositivo I (en adiante, O ESPACIO), para a instalación, construción, mantemento, reparación e explotación do parque eólico descrito no expositivo II.

SEGUNDA-. USO E DESTINO.

O ARRENDATARIO destinará O ESPAZO obxecto deste contrato exclusivamente á instalación, construción, explotación, reparación, e mantemento do parque eólico descrito no anterior expositivo II. En todo caso, as mencionadas actividades deberán axustarse ao proxecto de execución aprobado polo organismo correspondente. Para todo elo, O ARRENDATARIO necesitará ocupar a seguinte superficie dentro do ESPAZO pertencente ao PROPIETARIO, axustándose, en todo caso, ás coordenadas UTM indicadas no plano adxunto como Anexo X, incorporado ao proxecto de execución aprobado:

| Tipos de afectación: | Superficie afectada parcela 1 (m2) | Superficie afectada parcela 2 (m2) | Superficie afectada parcela X (m2) | Superficie afectada total (m2) |
|---|------------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|---------------------------------------|
| Zapata | | | | |
| Plataforma/s | | | | |
| Subestación | | | | |
| Viais ou camiños | | | | |
| Voo (servidume de voo) | | | | |
| Gabia/s (liñas eléctricas subterráneas e servidume de paso eléctrico subterráneo) | | | | |
| Superficie de protección eólica | | | | |
| Ocupación temporal (para obras de construción e traballos de mantemento, reparacións) | | | | |
| Tipo de cualificación urbanística da superficie | | | | |

Unha vez finalizada a construción do Parque Eólico realizarase a medición definitiva que determinará a ocupación real, tanto de terreo como de servidume, do ESPAZO obxecto do presente contrato. Esta medición levarase a cabo por perito competente elixido por acordo das partes a conta e cargo da ARRENDATARIA. E será esta medición a que finalmente determinará a ocupación real do ESPAZO pertencente ao PROPIETARIO. En ningún caso, O ARRENDATARIO poderá realizar modificacións substantivas da ocupación sen axustarse ao proxecto do Parque Eólico e sen o consentimento previo expreso e escrito asinado por O PROPIETARIO.

TERCEIRA-. DURACIÓN.

O prazo de duración do arrendamento aquí pactado será de (....) anos, a contar de data a data desde o momento da sinatura deste contrato, prazo que vencerá o díade.....de.....

Non obstante, chegado o día de vencemento, o contrato poderá prorrogarse por mutuo acordo entre ambas partes, por períodos sucesivos de X anos, ata un total de X prórrogas.

CUARTA-. RENDA.

O ARRENDATARIO obrígase a pagar ao PROPIETARIO as cantidades que a continuación se detallan en contraprestación dos dereitos conferidos en virtude do presente contrato:

4.1: Determinación da Renda:

Opción A) Renda por % de Ingresos totais recibidos por O ARRENDATARIO:

O ARRENDATARIO deberá satisfacer ao PROPIETARIO unha renda anual cuxo importe se calculará conforme aos parámetros que a continuación se especifican, que en todo caso toman en consideración tanto os ingresos totais recibidos por O ARRENDATARIO derivados do parque eólico..... (*denominación*) como os distinto/s tipo/s de afectación das superficies ocupadas polo parque eólico dentro da/s parcela/s descrita/s no expositivo I:

1º En primeiro lugar determinarase a **renda global anual** consistente no (X) % dos ingresos totais anuais recibidos polo ARRENDATARIO derivados do parque eólico....(*denominación*), que incluírán tanto os ingresos brutos obtidos pola venda da enerxía producida por este, como os ingresos que lle correspondan a dito parque eólico

como consecuencia da aplicación do réxime retributivo específico outorgado polo Goberno en base á disposición 14.7 da vixente Lei 24/2013 do Sector Eléctrico, así como, aqueles que proveñan de calquera outro sistema retributivo ou réxime de axudas públicas que nun futuro o poidan chegar a substituír, independentemente de que estas se dirixan a retribuír a capacidade instalada (investimento e/ou a enerxía producida (a operación)).

2º A continuación, partindo da conveniencia de tratar os distintos tipos de afección dos terreos de forma diferenciada, calcularanse os m² de superficie total afectada aplicando un factor de equivalencia de (X), considerando que cada (X) m² afectado polas servidumes (de voo, de protección eólica, de paso, de paso –aéreo e/ou soterrado– de enerxía eléctrica) ou por viais preexistentes (isto é, aquelas superficies onde O PROPIETARIO non perde a posibilidade de seguir implementando os usos que viña desenvolvendo con anterioridade) equivalen a 1 m² afectado por plataforma, zapata, subestación, gabias, viais novos, ou ampliacións dos preexistentes (isto é, aquelas superficies específicas nas que O PROPIETARIO perde a posibilidade de desprezar os usos que previamente viña desenvolvendo). En base ao cal, aplicarase a seguinte fórmula de cara a determinar os **m² equivalentes de superficie total afectada (S_{te})** da/s parcela/s referida/s no expositivo I:

$$S_{te} = S_e + P_o$$

S_e: m² totais afectados polas servidumes e polos viais preexistentes aplicando a equivalencia. É dicir: S_r/X.

S_r: m² totais afectados polas servidumes e polos viais preexistentes sen aplicar a equivalencia.

P_o: m² totais afectados por plataforma, zapata, subestación, gabias, viais novos, ou ampliacións dos preexistentes.

X: factor de equivalencia.

S_{te}: m² totais afectados (tanto polas servidumes e viais preexistentes como por pola plataforma, zapata, subestación, gabias, viais novos, ou ampliacións dos preexistentes) aplicando a equivalencia.

3º Dividindo a **Renda global anual** entre os **m² equivalentes de superficie total afectada (S_{te})** obtérase a **renda unitaria anual** (por m² afectado) **do parque eólico.....**(denominación).

4º Por último, a **renda específica** que O ARRENDATARIO ten que aboar ao PROPIETARIO en concepto de **renda total anual**, que, en base aos cálculos e criterios anteriormente descritos, variará cada ano en función dos ingresos totais que se deriven

do parque eólico...(denominación) para o ARRENDATARIO, determinarase multiplicando a **renda unitaria anual do parque eólico...(denominación)** (obtido conforme aos criterios sinalados nos parágrafos 1º, 2º e 3º da presente cláusula) polos **m² de superficie equivalente ocupada ao PROPIETARIO**.

O ARRENDATARIO comprométese a presentar no mesmo momento en que se efectúen os pagos un **documento que**, co visto bo da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou organismo que nun futuro a poida chegar a substituír, **acredite os ingresos** xerados pola produción e venda de enerxía procedentes do parque eólico(denominación), así como os ingresos que reciba dito parque eólico provenientes da aplicación do réxime retributivo específico outorgado polo Goberno en base á disposición 14.7 da vixente Lei 24/2013 do Sector Eléctrico así como calquera outro sistema retributivo ou réxime de axudas públicas que nun futuro poida chegar a substituílo, independentemente de que este se dirixa a retribuír a capacidade instalada (a inversión) e/ou a enerxía producida (a operación).

Cando por causa unicamente imputable á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou organismo que a poida chegar a substituír non sexa posible a obtención do referido visto bo no momento que se efectúen os pagos, dito extremo deberá ser debidamente acreditado documentalmente polo ARRENDATARIO, que, en calquera caso, virá obrigado a xustificar documentalmente nese mesmo momento a totalidade dos referidos ingresos debidamente desglosados. En todo caso, o retraso na emisión do visto bo por parte da Comisión ou organismo que a substitúa non eximirá a obriga do ARRENDATARIO de acreditar a súa obtención no momento en que esta se produza.

O ARRENDATARIO garante ao PROPIETARIO o pago dunha **renda mínima** (anual) de X euros anuais para o caso de que a renda anual fixada porcentualmente fora inferior a esa cantidade, aboando en tal caso o ARRENDATARIO a diferenza ata acadar o mínimo garantido.

Opción B) (CANDO EXISTA UN ÚNICO PROPIETARIO AFECTADO ou máis de un propietario pero todos eles co mesmo nivel de ocupación en termos de pleno dominio e servidumes)). Renda por Capacidade Instalada (euros/Kw):

O ARRENDATARIO deberá satisfacer ao PROPIETARIO en concepto de renda a suma de (X) Euros por Kw instalado (anuais) ou de X Euros por aeroxerador instalado....

Opción C) Renda por Superficie Ocupada:

O ARRENDATARIO deberá satisfacer anualmente ao PROPIETARIO en concepto de renda a suma de (X) Euros por m² afectado, tendo en conta a cualificación urbanística da superficie afectada e o tipo de afectación, en base aos seguintes criterios/parámetros:

| Tipos de afectación: | Superficie afectada (m ²) | Importe (Euros/m ²) | Total (euros) |
|---------------------------------|---------------------------------------|---------------------------------|---------------|
| Zapata | (X) | (X) | (X) |
| Plataforma/s | (X) | (X) | (X) |
| Subestación | | | |
| Viais ou camiños | (X) | (X) | (X) |
| Voo | (X) | (X) | (X) |
| Gabia/s | (X) | (X) | (X) |
| Superficie de protección eólica | (X) | (X) | (X) |
| Ocupación temporal | (X) | (X) | (X) |
| Ocupación total | | | |

En todo caso, O ARRENDATARIO garante ao PROPIETARIO un pago mínimo de X Euros anuais por parcela da súa propiedade afectada polo parque eólico....(*denominación*). Para o caso en que, aplicando dito pago mínimo o PROPIETARIO non alcance a cubrir, cando menos, os custes que para el se deriven da xestión da facturación do IVE ao ARRENDATARIO como consecuencia do presente contrato, o ARRENDATARIO comprométese a aboar a diferenza.

No caso de que o pago do conxunto das rendas anuais pactadas durante toda a vida do presente contrato supuxese unha cantidade inferior a (X) euros para o PROPIETARIO, O ARRENDATARIO, a petición do PROPIETARIO, virá obrigado a adiantarlle o pago de todas elas nun único pago, sen fraccionamento algún. En caso de que se produza dito adianto, adicionarase a dita suma total o IVE correspondente, así como a cantidade resultante da estimación das actualizacións das anualidades que resten ata a finalización do contrato, cantidades, todas elas, que tamén deberá aboar o ARRENDATARIO ao PROPIETARIO, xunto co referido pago único adiantado. Para o cálculo da estimación das actualizacións aplicarase unha Taxa de desconto igual á media do IPC nos últimos 10 anos.

4.2. Cláusula de Produtividade:

Considerando as Horas de Producción Equivalente anuais do Parque Eólico e, considerando que o recurso eólico estimado para os parques eólicos en funcionamento en Galicia é de (x) horas de produción equivalente (HPE) anuais segundo os datos de, cada ano, a partir do segundo, producirase unha revisión da renda pactada neste contrato de conformidade coa aplicación do seguinte criterio específico:

Cada punto porcentual de incremento da produtividade (medida como o diferencial entre as HPE do Parque Eólico(*denominación*) e as HPE anuais medias para a totalidade dos Parques Eólicos en funcionamento en Galicia no mesmo ano, respecto a esta media), suporá un incremento porcentual similar da renda anual fixada segundo o establecido na cláusula anterior.

Renda total

A renda total anual será a suma da contía derivada das opcións B ou C máis o que corresponda da cláusula de produtividade sinalada no punto anterior. En caso de ter optado pola opción A, non será de aplicación a presente cláusula de Produtividade.

4.3. IVE:

A renda total anual que deberá aboar o ARRENDATARIO ao PROPIETARIO verase incrementada co IVE ou Imposto que puidera resultar de aplicación no momento de devengo correspondente.

4.4. Actualización da Renda:

A renda pactada deberá incrementarse cada anualidade con arranxo á variación experimentada polo Índice de Prezos ao Consumo (IPC), publicado polo Instituto Nacional de Estatística (ou organismo ou entidade que, no seu caso, o substitúa en funcións) nos 12 meses anteriores á data de actualización.

En aquelas anualidades que o IPC alcance valores negativos, non se aplicará a referida actualización, manténdose as cantidades pactadas cos posibles incrementos xerados ata ese momento.

4.5. Prazo, tempo e forma de pago:

O pago da renda anual, máis o IVE correspondente, realizarase mediante un único pago anual, que se realizará cada ano dentro dos primeiros 30 días a contar desde a sinatura do contrato.

O momento de inicio do primeiro cobro coincidirá coa data de sinatura do presente contrato de arrendamento, data esta na que comezará a devengarse a renda. No suposto previsto na opción A da cláusula 4.1, dito primeiro pago será o da renda mínima establecida de X euros, conforme se establece no último parágrafo da referida cláusula.

En todo caso, o pago será realizado a partir da presentación da correspondente factura emitida polo PROPIETARIO no domicilio do ARRENDATARIO que aparece sinalado no presente contrato. O ARRENDATARIO realizará a correspondente transferencia bancaria da cantidade estipulada a favor da conta corrente (X) da entidade (X), da que é titular O PROPIETARIO.

4.6. Revisión da Renda:

En calquera momento de vixencia do contrato o ARRENDATARIO se compromete a igualar a renda aquí pactada (*sexa porcentaxe de facturación, pago por MW instalado ou pago por superficie ocupada*), cando o PROPIETARIO presente un contrato asinado polo ARRENDATARIO ou calquera outro promotor, referido a calquera parque eólico terrestre existente dentro do marco normativo eléctrico español, que contemple unhas condicións retributivas máis vantaxosas para o PROPIETARIO. Para que esta cláusula de revisión de renda sexa efectiva o novo contrato se derivará dun parque eólico que posúa a mesma ou menor produtividade, medida en horas de produción equivalente anuais.

QUINTA.- GASTOS:

Serán por conta do ARRENDATARIO todos os gastos relacionados coa formalización do presente contrato, así como todos os tributos e cargas públicas de calquera natureza que graven o ESPAZO e se orixinen durante a explotación do mesmo. O pago de tales gastos efectuarase conxuntamente co da renda e o IVE a medida que se vaian devengando.

Así mesmo, o ARRENDATARIO deberá facerse cargo dos gastos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade na finca arrendada, para o adecuado funcionamento, mantemento, reparación das instalacións integrantes do parque eólico durante todo o período de vixencia do presente contrato de arrendamento, así como para a súa retirada do ESPAZO aquí contratado.

SEXTA.- FIANZA.

En garantía do cumprimento do presente contrato, o ARRENDATARIO ao PROPIETARIO, no mesmo acto da sinatura do presente contrato, o importe deEUROS, como

depósito ou fianza que non terá a consideración de renda e que se liquidará á finalización do presente contrato.

Cada CINCO (5) anos de vixencia do contrato, o ARRENDATARIO deberá actualizar o importe da fianza prestada conforme á variación do IPC ou índice que o substitúa.

SÉPTIMA.- USOS PERMITIDOS AO PROPIETARIO NO PARQUE EÓLICO.

O recinto do parque eólico non estará pechado, de tal forma que o PROPIETARIO poderá seguir explotando o ESPAZO para os usos tradicionais de recollida de toxo, pastoreo, etc., sen que tal uso prexudique o normal funcionamento ou a seguridade do parque e os seus elementos anexos, ou afecte á seguridade ou integridade das persoas ou as cousas.

Quedan prohibidas as actividades que poidan perturbar o funcionamento normal do parque eólico, ou poñan en perigo a seguridade ou integridade das persoas ou os bens. En particular, estará prohibido levar a cabo calquera actividade (a modo de exemplo, a construción de silos de gran) que poida interferir no libre fluxo das correntes de aire que flúen nos terreos arrendados determinados na cláusula anterior.

OTAVA.- VIAIS, CAMIÑOS, PISTAS DE ACCESO E PASOS CANADIANOS.

A construción dos viais, camiños e pistas de acceso ao parque eólico,(*denominación*), así como o mantemento destes, correrán por conta e cargo do ARRENDATARIO, podendo ser libremente utilizados polo PROPIETARIO.

Asimesmo, o ARRENDATARIO comprométese á instalación e mantemento de pasos canadianos para o caso de que a liña de aeroxeradores, os viais, ou o camiño de acceso ou servizo atravesen ou modifiquen calquera tipo de cercado existente dentro do/os terreo/s referido/s no expositivo II.

NOVENA.- DAÑOS E PREXUÍZOS E SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL.

O ARRENDATARIO é responsable dos danos e prexuízos que se ocasionen aos montes, persoas, gandos, plantas, cultivos e cousas ou ao medio ambiente como consecuencia das obras de execución, mantemento, conservación e funcionamento do parque eólico(*denominación*), así como da actividade que o persoal ao seu servizo, subcontratistas ou empresas subcontratadas desenvolvan sobre o ESPAZO obxecto deste contrato, así como por calquera outra circunstancia a el imputable. Por elo, o ARRENDATARIO deberá formalizar e manter vixente durante toda a duración do presente contrato, ao

seu exclusivo cargo, cunha compañía aseguradora de recoñecida solvencia, unha póliza de seguro de responsabilidade civil para cubrir suficientemente a responsabilidade en que puidera incurrir o ARRENDATARIO polos danos e prexuízos que lle sexan imputables, por importe non inferior a..... euros por cada sinistro, así como entregar unha copia da póliza ao PROPIETARIO.

Así mesmo, o ARRENDATARIO deberá adoptar todas as medidas de precaución necesarias para evitar as referidas perturbacións, danos e prexuízos e, en particular, instalará sinalizacións que advirtan de calquera perigo.

DÉCIMA.- PERSOAL DO PARQUE EÓLICO.

O ARRENDATARIO comprométese a que, sempre que reúnan en cada caso a titulación esixida para o posto a desempeñar, o persoal que se contrate para o mantemento do parque eólico será elixido, preferentemente, entre veciños das parroquias afectadas por este e, subsidiariamente, e co mesmo condicionamento en canto a titulación, preferentemente entre persoas veciñas do resto das parroquias do Concello de A estes efectos, os afectados deberán presentar as súas ofertas na maneira, tempo e modo, que o ARRENDATARIO lles indique.

Non obstante ao anterior, o ARRENDATARIO terá total liberdade para a contratación de titulados universitarios ou de escolas de enxeñaría, de grado medio ou superior, para postos de responsabilidade e confianza no parque eólico.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CESIÓN.

O ARRENDATARIO poderá ceder, traspasar, subarrendar ou transmitir total ou parcialmente os dereitos que para el se derivan do presente contrato a favor de un terceiro, que, en todo caso, se subrogará en todas e cada unha das obrigas, pactos e restricións que se recollen no mesmo para a parte ARRENDATARIA. En calquera caso, dita cesión, traspaso, subarrendo ou transmisión será notificada fehacientemente por escrito ao PROPIETARIO, tendo dereito este a resolver o contrato se non se realizase dita notificación ou en caso que as condicións pactadas foran contrarias ao sinalado no presente documento.

DÉCIMO SEGUNDA.- EXTINCIÓN.

O presente contrato extinguirase polo vencemento do prazo de duración pactado no mesmo ou de calquera das súas prórrogas.

En caso de incumprimento de calquera das estipulacións pactadas neste contrato, calquera das dúas partes terá dereito a exixir o seu cumprimento ou a instar a resolución do contrato, co abono, en ambos casos, dos danos e prexuízos ocasionados por tal incumprimento.

En particular, o PROPIETARIO poderá resolver o presente contrato en caso de que o ARRENDATARIO non abone a renda estipulada (ou de calquera outra cantidade a cuxo pago estea obrigado) na forma, condicións e prazos previstos no presente contrato. Todo elo sen prexuízo do interese de demora (coincidente co interese legal anual do diñeiro incrementado enpuntos), devengado polo retraso no pago da renda, que deberá aboar o ARRENDATARIO atas que se produza o pago efectivo. O interese de demora devengarase no mesmo momento en que o ARRENDATARIO incorra en calquera retraso no pago das cantidades estipuladas, non sendo necesario para elo o previo requirimento de pago polo PROPIETARIO.

No caso de que o ARRENDATARIO desista unilateralmente do presente contrato antes do cumprimento do prazo convidado, deberá aboar ao PROPIETARIO, en concepto de indemnización, a contía anual da renda vixente no momento do desestimento por cada ano do contrato que reste por cumprir. Para aqueles períodos de tempo inferiores a unha anualidade prorratearase a parte proporcional da indemnización.

DÉCIMO TERCEIRA.- EFECTOS DA EXTINCIÓN DO PRESENTE CONTRATO E RETIRADA DAS INSTALACIÓNS.

Trala extinción do presente contrato, o ARRENDATARIO deberá desmantelar e retirar, á súa exclusiva costa, todas as instalacións construídas no ESPAZO obxecto deste contrato, tanto móbiles como fixas, restaurando, repoñendo e recuperando os terreos e o entorno, así como devolvendo dito ESPAZO ao seu estado anterior (cumprindo en todo caso co disposto na avaliación ambiental e de conformidade coa lexislación vixente) e elo no prazo de X (ano/meses) a contar desde a data de extinción do presente contrato, proseguindo co abono ao PROPIETARIO de renda estipulada na anterior Cláusula cuarta, que continuará devengándose, coas súas correspondentes actualizacións e incrementos, ata que se produza a total retirada das instalacións.

DÉCIMO CUARTA.- FORMA.

O presente contrato poderá levarse a escritura pública (ante o Notario designado polo PROPIETARIO) e inscribirse no rexistro da propiedade, a instancia de calquera das partes, sendo por conta do ARRENDATARIO todos os gastos e impostos que se deriven de elo.

DÉCIMO QUINTA.- DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS.

Calquera notificación que sexa preciso realizar en cumprimento do establecido neste contrato, ou por calquera outro motivo, deberá facerse nos domicilios indicados no encabezamento.

En caso de que algunha das partes cambie de domicilio, deberá notificalo por escrito á outra. A falta de tal notificación, as partes seguirán dirixíndose aos domicilios indicados no encabezamento deste contrato.

DÉCIMO SEXTA.- LEI APLICABLE E XURISDICCIÓN.

En todo o non contemplado neste contrato de arrendamento, rexerá polo establecido no Código Civil e demais normas de dereito privado que lle sexan de aplicación.

O coñecemento dos litixios que puideran xurdir con ocasión do presente contrato corresponde aos Xulgados e tribunais do lugar onde estea situado o ESPAZO.

En proba de conformidade, as persoas sinaladas no encabezamento asinan o presente contrato, que consta de (X) follas, por duplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados ao principio deste documento.

Asdo.:
O PROPIETARIO.....

Asdo.:
PARQUE EÓLICO.....